

AS ESPOSAS

Anja Breien, 1975

1700

ESTREA EN NUMAX: 17.03.2026 | V.O.S.E. | 85 min

Que pasaría se as mulleres comezasen a comportarse coma os homes? E se se descontrolasen en lugar de volver á casa e ás súas responsabilidades? Esta película trata sobre tres mulleres que abandonan o traballo, o marido e os fillos para se embarcar nuns días de desenfreno, desafiando os roles tradicionais.

Presentación da actriz Carmen Méndez.



Roles impostos

Por Anja Breien

Despois de rodar *Violación*, traballei durante un tempo no teatro. Eramos un grupo de mulleres e montamos unha obra sobre a condición feminina na sociedade actual. A partir desta experiencia, e sobre todo despois de ver *Husbands*, de Cassavetes, en 1975 ocorréuseme a idea d'*As esposas* (*Hustruer*), que sería a miña segunda película. Involucrei a algunhas das actrices coas que traballara no teatro e xuntas pensamos nesta película como unha resposta, en certo xeito, a Cassavetes. Tiven sorte. Erik Borge era entón director artístico de Norsk Film A/S e abondou cun guión de 15 ou 20 páxinas para que aprobase o proxecto. Hai que dicir que foi un acto valente pola súa banda. *As esposas* é unha película sobre as mulleres e a súa forma de comportarse na sociedade. Sobre os roles que a sociedade lles impón e sobre a posibilidade que teñen as mulleres de rexeitalos.

É un problema que sentía moito naqueles anos, e que sigo sentindo hoxe en día. E, naturalmente, é un tema que volve aparecer en moitas das miñas películas. As protagonistas son tres amigas que se reencontran, dez anos despois, na habitual reunión escolar. É Nadal, vai frío e as tres mulleres achéganse aos corenta. Esta vez, a película céntrase máis ben nos seus fracasos, ou mellor dito, no que elas consideran fracasos.

(...) Normalmente escribo as miñas películas con moito coidado e prestando atención aos detalles. Non me gusta improvisar no estudio. No caso d'*As esposas* foi un pouco diferente. Tanto na redacción do guión como durante a rodaxe, as tres actrices participaron activamente. Xuntas tentamos ir máis aló das aparencias para descubrir, baixo a pel dos personaxes, a súa realidade íntima e oculta. As tres proveñen do teatro, como calquera actor en Noruega, xa que ninguén pode permitirse vivir só do cinema: faise tan pouco! Con todo, mesmo n'*As esposas*, por moi improvisados que fosen os diálogos, sempre se escribían antes, coa excepción dunha escena. Quizais só unhas horas antes de rodar, pero máis a miúdo a noite anterior.

Desde *As esposas* en diante, a crítica considéranme unha directora «feminista». Unha etiqueta coa que non estou de acordo, como con ningunha outra etiqueta, por certo. Realmente non considero que as miñas películas sexan «feministas». As miñas historias non nacen de consideracións políticas nin para defender ningunha en particular. Máis ben péreceme que representan un punto de vista feminino sobre problemas que nos afectan a todos, homes e mulleres. Por outra banda, son tan escasas as películas realizadas por mulleres no mundo, a pesar de que representamos a metade da poboación do planeta, que non podo deixar de darlles voz.

No estudio de rodaxe tendo a ser moi cautelosa e a evitar calquera ocasión de conflito ou tensión entre mulleres e homes. Quizais se deba ao feito de ter pasado bastante rápido sendo unha simple secretaria de edición, e ser directora pareceume un paso enorme, coma se pasase de ser obxecto de atracción sexual a ser a xefa e a que manda. É absurdo mesmo só pensalo, pero é unha proba de que nas relacións entre os dous sexos no lugar de traballo aínda nos queda moito camiño por percorrer. A miúdo dixeran que non teño grandes problemas como directora e muller no estudio, e iso é certo. Demostrei que sei facer o meu traballo e manter o control da situación. Pero se unha muller é directora, inmediatamente considéranla unha tirana e o equipo témea. Tradicionalmente, o poder e o dominio confíren ao home encanto e sensualidade, pero privan á muller deles. Falo dos clixés, pero esa é a situación. É o vello mito do director (home) e a actriz (muller), que se realiza a través do home.